



O 2 de outubro de 2013 tivo entrada no rexistro da Secretaría para o Deporte escrito presentado por D. Carlos Moure Castro polo que solicita unha nova interpretación da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia no que se refire ao exercicio da potestade disciplinaria por parte das federacións. En resposta a súa solicitude, emítense as seguintes consideracións esperando resolver definitivamente as controversias xurdidas neste ámbito.

A potestade disciplinaria deriva da lei, está sometida ao principio de legalidade, de maneira que se debe exercer polo órgano que a teña atribuída en virtude dunha norma con rango de legal, neste caso é atribuída ás federacións deportivas en virtude do artigo 56.4 f) da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia. Efectivamente, como ben dí vostede no seu escrito, trátase dunha función pública delegada, é dicir, que se exerce polas federacións baixo a tutela da Administración deportiva. Esta potestade disciplinaria é diferente á elaboración de regulamentos deportivos aos que nos referimos na anterior contestación, función esta última que sí exercen as federacións baixo o seu ámbito de actuación privado.

Sen embargo, hai que ter en conta que aínda que o exercicio da potestade disciplinaria se trate dunha función pública delegada, a forma de levar a cabo a tutela sobre a mesma é a través do control de legalidade dos Estatutos federativos. O réxime disciplinario, de conformidade co artigo 55 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, debe incluírse nos estatutos, e son estes os que son revisados pola administración deportiva, de xeito que as infraccións tipificadas nos mesmos teñen que estar previstas necesariamente nunha norma con rango de lei.

A Secretaría Xeral para o Deporte unicamente é competente para efectuar ese control a priori do réxime disciplinario mediante a revisión dos estatutos, pero non ten competencia para controlar a aplicación dos mesmos así como tampouco para controlar como se aplica o réxime disciplinario que se contén nos estatutos, senón que para iso están os órganos establecidos ao efecto na lei, como é o Comité Galego de Xustiza Deportiva, ou unha vez esgotada a vía administrativa, a xurisdicción contencioso-administrativa, como xa se lle indicou na anterior resposta.

O réxime disciplinario establecido nos actuais estatutos foi supervisado no seu día pola Administración autonómica, e foron aprobados porque se axustaban á Lei do Deporte vixente nese momento sen que se detectase ningunha irregularidade, do contrario non serían aprobados.

A modificación que agora se ten que facer dos Estatutos para dar cumprimento así ao disposto na Disposición Transitoria Única da actual Lei do Deporte, será obxecto dun



control previo de legalidade para supervisar que se adaptan ao disposto na lei, de xeito que o réxime disciplinario que se inclúa nos novos estatutos non poderá conter tipos infractores que non estén previstos na Lei 3/2012, do Deporte de Galicia.


Finalmente, é necesario deixar claro que dende esta Secretaría Xeral para o Deporte non hai ningunha intención de impedir que os deportistas podan participar en probas non federadas, senón todo o contrario, fomentar a práctica do deporte sempre que se cumpra coa lexislación vixente, e reflexo de iso atópase precisamente na propia Lei 3/2012 do Deporte de Galicia ao permitir tanto competicións oficiais como non oficiais, así coma federadas e non federadas.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2013

O subdirector xeral de xestión deportiva,

Carlos Gómez Martínez.

D. CARLOS MOURE CASTRO.



**CARLOS MOURE CASTRO**, presidente da Asociación, sen ánimo de lucro, de Actividades Deportivas de Ourense, ADO-Moure, con domicilio aos efectos de notificacións na rúa Camino Caneiro, 12 de Ourense,

**EXPÓN:**

Que ven de recibir, por parte de esa secretaría xeral e asinado polo subdirector xeral de Xestión Deportiva, resposta ao escrito presentado con data de entrada do 27 de xullo de 2013, polo que se solicitaban diversas aclaracións sobre a normativa e a actuación da Federación Galega de Ciclismo.

Nesta resposta, no seu parágrafo 3º deixa ver que a posibilidade de sancionar a deportistas con licenza que participen en probas non federadas entra dentro do ámbito privado da propia federación de acordo co previsto no artigo 56.2 da Lei do deporte de Galicia, e polo tanto non pode ser “**tutelada**” dita actuación por esa Secretaría Xeral para o Deporte.

Sen embargo, a potestade disciplinaria emana dos Estatutos da propia FGC, que de acordo co establecido no artigo 55 da lei, e dita potestade exerceuse por parte da federación como función pública delegada e, polo tanto, si é susceptible de supervisión por parte de esa secretaría xeral.

O mesmo se pode dicir da potestade para elaborar ou modificar os seus estatutos, que tamén emana dunha función pública delegada e polo tanto tamén susceptible de supervisión.

Por que unha cousa son os seus Estatutos ou a modificación destes e outra moi distinta son os regulamentos deportivos, que algunhas veces se solapan pero non por iso deixan de ter cada unha destas figuras a súa propia regulación e para os primeiros derivan da propia lei no seu artigo 55 ao establecer no apartado n) o réxime disciplinario como contido mínimo dos estatutos.

Que, polo tanto, cando fai referencia na súa resposta a que un federado poda ser sancionado, no meu caso, como directivo dun club e titular dunha licenza federativa e participar na organización dunha proba non autorizada pola federación, e fai referencia a que está tipificado como infracción nos regulamentos deportivos, **NON É ASÍ**, xa que está tipificado nos seus **estatutos** e, estes estatutos, como queda de manifesto na lei, non forman parte do ámbito privado de funcionamento, senón dunha función pública delegada.

Que no referente a liberdade das persoas, a que se refire no parágrafo 5º do seu escrito de resposta, debemos ter en conta, por unha banda o establecido no artigo 3.b) da lei, polo que se establece “**o dereito de todos os cidadáns a coñecer e practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha**” débese entender, segundo o seu criterio: “salvo que teña a condición de federado, en cuio caso deberá aterse ao que diga a federación respectiva”, e isto é difícil entender que non supoña algún tipo de discriminación.

Que entendemos que a liberdade das persoas non pode estar suxeito ás condicións que impoña ninguén, tampouco as federacións. Que o espírito da norma parece claro no senso de entender que un federado non poderá participar en probas non federados invocando a condición de federado ou facendo uso da licenza e as condicións que lle confire esa licenza, pero si poderá participar de xeito particular, sen utilizar a súa licenza nin as prerrogativas que esta lle concede, pero evidentemente si invocando a súa liberdade individual garantida no antedito artigo 3.b) da lei (e, evidentemente, na Constitución Española).

Entendemos e compartimos que o emprego da licenza federativa só poida ter validez nas propias competicións amparadas pola correspondente federación deportiva, pero isto non pode ser unha causa do **recorte dos dereitos individuais** da persoa, para a súa participación en outro tipo de probas.

Que non resulta sinxelo entender a obsesión de pretender que un deportista non poida participar tanto en probas federadas como en probas non federadas. Entendemos que no emprego da súa liberdade persoal, calquera deportista pode, no caso de estar federado, participar nas probas para as que se esixa unha licenza, pero tamén, e porque non, poda participar en probas nas que non sexa preciso posuír ningún tipo de licenza. Nunhas estará cuberto polas propias características da licenza e nas outras polas medidas obrigatorias que a propia lei esixe, procuradas polo correspondente organizador.

Só deste xeito non se coarta a liberdade persoal de cada un dos deportistas.

Calquera outra interpretación, tendente a impedir que, por estar federado, poida participar en calquera outro tipo de proba non federada, será un quebrantamento de dita liberdade persoal.

#### SOLICITA:

Que a vista do antedito, ante a dobre interpretación a que poida dar lugar a resposta escrita do subdirector xeral de Xestión Deportiva, nos puntos antes indicados, e tendo en conta que a Federación Galega de Ciclismo, o que fixo, en datas recentes foi convocar a Asamblea Xeral para aprobar a modificación dos seus Estatutos, tal como figura na convocatoria remitida, se faga a definitiva desta lexislación xa que é a Administración autonómica, e dentro dela, a Secretaría Xeral para o Deporte, como entidade con competencia en materia deportiva, a quen compete a interpretación, alomenos en primeira instancia, das normas xurídicas que sexan da súa competencia.

Ourense, 27 de setembro de 2013.

  
**SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE. SANTIAGO DE COMPOSTELA.**



	XUNTA DE GALICIA PRESIDENCIA Secretaría Xeral para o Deporte
Entrada	_____
Saída	1132
Data	24 SET. 2013

En relación ao seu escrito con data de entrada no rexistro da Secretaría Xeral para o Deporte de 31 de xullo de 2013, polo que solicita que por parte desta Secretaría Xeral se lle dea resposta por escrito a unha serie de cuestións relativas á interpretación da vixente Lei 3/2012, do Deporte de Galicia e relacionadas con determinadas actuacións que se veñen producindo no ámbito da Federación Galega de Ciclismo, cómpre emitir as seguintes consideracións coa finalidade de dar cumprimento á súa solicitude:

En primeiro termo, indicar que unha proba ciclista non federada non é ilegal. Cabe a posibilidade de organizar probas ciclistas non oficiais e ao marxe da federación, sendo totalmente legais e conformes a dereito sempre e cando contén coas autorizacións e requisitos tales como seguros de responsabilidade civil, seguros de accidente, permisos ou calesquera outros previstos na normativa de aplicación, correspondendo á Administración supervisar que as probas que se celebren fora do marco federativo cumpren as previsións legais establecidas. Esta posibilidade está prevista no artigo 18 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, no que se recoñece a posibilidade de que teñan lugar na Comunidade Autónoma galega competicións oficiais e non oficiais e, pola súa organización, tanto competicións federadas como non federadas.

Polo tanto, en consoancia co anterior, unha federación en principio non pode sancionar a deportistas polo mero feito de participar en probas non federadas que contén con respaldo legal. Cuestión diferente é que un federado, como ocorreu no seu caso concreto, en canto directivo dun club e titular dunha licenza federativa participe na organización da proba, xa que este feito podería estar tipificado como infracción nos propios regulamentos deportivos das federacións, que son, tal e como o dispón o artigo 51 da Lei do Deporte de Galicia, entidades privadas sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. Como entidades privadas exercen baixo o seu ámbito de actuación privada unhas funcións que lle son propias previstas no artigo 56.2 da Lei, e entre elas, atópase a de elaborar os seus propios regulamentos deportivos. Esas normas son aplicables **exclusivamente a persoas ou entidades federadas, sendo éstas as que deciden de forma libre federarse ou non.** Loxicamente o que non podería facer unha federación é sancionar a persoas alleas a súa estrutura polo feito de participar en probas non federadas ou non oficiais. **Pola contra, si conta con lexitimación para abrir expedientes disciplinarios fronte aos seus federados** no caso de considerar que se produciu algunha infracción, sempre seguindo o procedemento legalmente establecido para non crear indefensión e coas garantías que



establece a lei, como son as de posibilitar unha vía de recurso fronte as decisións federativas.

No que se refire á posibilidade de que unha federación revoque a inscrición dunha entidade no Rexistro de Entidades Deportivas, iso non é posible dado que ese rexistro trátase dun órgano administrativo pertencente á Administración autonómica que ten por obxeto a inscrición de entidades deportivas, e dicir, clubs deportivos, federacións, agrupacións deportivas escolares e seccións deportivas. A competencia para revocar a inscrición dunha entidade deportiva neste rexistro corresponde en exclusiva á Administración autonómica, así o establece expresamente o artigo 5.1 g) da Ley do Deporte de Galicia ao relacionar as diversas competencias da Administración pública galega en materia de deporte.

A aprobación dos estatutos dunha federación, de acordo co artigo 54 da Lei do Deporte de Galicia, corresponde así mesmo á Administración deportiva autonómica, e tanto os estatutos como as súas modificacións publícanse no Diario Oficial de Galicia, logo de pasar o correspondente control de legalidade que se exerce dende a Administración, de maneira que unha eventual modificación de estatutos que non sexa conforme a dereito, por exemplo porque invada competencias da administración ou porque se limiten liberdades das persoas, non será aprobada pola Administración autonómica.

A Secretaría Xeral para o Deporte ten competencias para controlar o funcionamento das federacións, pero so no que se refire ás funcións públicas que exercen por delegación, isto é, as funcións relacionadas no artigo 54.6 da Lei do Deporte de Galicia, establecéndose así no artigo 57 da mesma, un elenco de facultades que se atribúen á Administración deportiva para o control das federacións deportivas galegas co fin de garantir o efectivo cumprimento das funcións públicas atribuídas ás mesmas, permitíndolle mesmo revocar ou avocar estas funcións públicas delegadas ou asumir en determinados casos as funcións das federacións. Outra das posibilidades contempladas no citado precepto é a relativa á impugnación ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva ou ante calquera órgano xurisdiccional as decisións e acordos federativos que considere contrarios á legalidade vixente. Estes medios de control, pola contra, non serán aplicables cando se trate de funcións propias das federacións, é dicir, funcións que coma entidades privadas que son, exercen baixo o seu ámbito de autonomía privada, como sería o caso da elaboración dos seus regulamentos deportivos ou calquera outra das establecidas no artigo 56.2 da Lei do Deporte.

Polo que respeta ás sancións impostas pola Federación Galega de Ciclismo a setenta e nove deportistas e un dirixente dun club, a Secretaría Xeral para o Deporte non ten competencia para pronunciarse ao respecto nin para valorar se as sancións impostas se axustan ou non a dereito xa que para iso están os órganos disciplinarios das federacións en primeira instancia e, no caso de discrepancia coas decisións federativas, a lei establece a posibilidade de interpoñer recurso fronte as mesmas en segunda instancia



ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, órgano administrativo superior da xurisdición deportiva no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, que é ao que lle corresponde pronunciarse sobre a legalidade das sancións impostas xa que entre as súas funcións se atopa a de coñecer sobre os actos relativos á disciplina deportiva.

As resolucións ditadas polo Comité Galego de Xustiza Deportiva esgotan a vía administrativa e contra elas poderase interpoñer o correspondente recurso contencioso administrativo, polo tanto, a Secretaría Xeral para o Deporte non é o órgano adecuado para valorar a legalidade das sancións, senón que para iso están os cauces procedimentais establecidos na propia lei e, dende esta Secretaría respétanse e acátanse, como non podería ser doutra maneira, as decisións adoptadas polos órganos xurisdiccionais, ben sexan as do Comité Galego de Xustiza Deportiva ou ben as que no seu día podan adoptar os órganos competentes da xurisdición contencioso administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2013

O subdirector xeral de xestión deportiva,



Carlos Gómez Martínez.

D. CARLOS MOURE CASTRO.

## **Punto nº 2. Modificación e supresión de puntos e parágrafos dos estatutos da Federación Galega de Ciclismo.**

Unha vez que os Estatutos da Federación Galega de Ciclismo foron aprobados na Asamblea do pasado día 21 de xullo e enviados á Secretaría Xeral para o Deporte, a Federación Galega de Ciclismo foi convocada a unha reunión cos Sres. Secretario Xeral para o Deporte e Sub – Director co obxecto de consensuar a súa aprobación e posta en vigor.

Tras unha análise da redacción do articulado por ambas partes e estudiada a súa adaptación á vixente Lei do Deporte de Galicia, tomouse o acordo de propoñer a Asamblea a supresión dalgúns dos seus parágrafos, en concreto un relativo ás solicitudes de certificacións médicas na tramitación das licencias, e dous que se refiren á calificación das infraccións graves e moi graves en participación dos deportistas con licencia en actividades non federadas.

Por outra banda propónse a inclusión do texto *"e/ou psíquica"* por omisión previa na redacción final do Artigo 4.7 relativo ás persoas con discapacidade.

En concreto as modificacións que se someten á aprobación da Asamblea son as seguintes:

### **a) inclusión do texto "e/ou psíquica" no Art. 4.7, quedando como segue:**

*" 7. As persoas con discapacidade física e/ou psíquica (engádese por previa omisión) deberán entregar, xunto coa solicitude de licenza, dous certificados de diferentes médicos especialistas en medicina deportiva nos que se dictaminará a súa aptitude para participar en actividades ciclistas."*

### **b) Supresión do punto 8 do mesmo artigo:**

*8. Cando a Federación teña coñecemento ou fundadas sospeitas de que un solicitante de licenza ten participado nos derradeiros seis meses en probas ciclistas ou de outros deportes de risco á marxe da FGC, poderá esixir ó interesado a presentación dun informe emitido por un médico especialista en medicina deportiva acreditativo de que o interesado non padece lesións ou doenzas que supoñan un risco para a práctica do ciclismo. En caso de non aportar dito informe ou que o mesmo revele a existencia de risco, non se expedirá a licenza.*

*Cando a Federación teña coñecemento de que un deportista federado ten participado durante o período de validez da súa licenza en probas ciclistas ou de outros deportes de risco á marxe da FGC, poderá esixir ó interesado a presentación dun informe emitido por un médico especialista en medicina deportiva acreditativo de que o interesado non padece lesións ou doenzas que supoñan un risco para a práctica do ciclismo. En caso de non aportar dito informe ou que o mesmo revele a existencia de risco, o interesado non poderá inscribirse nin participar en actividades federadas.*

### **c) Supresión do parágrafo "m" do artigo 31.2 que califica as infraccións moi graves:**



*m) A organización ou participación en probas ou actividades celebradas en Galicia sen a aprobación da Federación Galega de Ciclismo ou celebradas fora de Galicia incumprindo as normas da respectiva Federación ciclista ou da Unión Ciclista Internacional.*

**Supresión do parágrafo "m" do artigo 31.3 que califica as infraccións graves:**

*"e) Tomar parte como deportista, organizador, técnico ou árbitro en probas ciclistas competitivas non aprobadas pola Federación."*



**FEDERACION GALEGA DE CICLISMO**  
**C/ Fotógrafo Luis Ksado, 17**  
**36209-VIGO**

Convocatoria Asemblea Xeral

Vigo, a 2 de abril de 2013

Moi Sr/a. Meu/miña:

Conforme o disposto no artigo 10 dos Estatutos desta Federación, convócolle para a Xuntanza que terá lugar o vindeiro **sábado día 20 de abril ás 10,15 horas en primeira convocatoria** e as 10,45 h. en segunda convocatoria no Hotel Congreso, sito en carretera da Estrada Km. 3 Montouto, Santiago. co seguinte:

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede da acta da Xuntanza anterior.
2. Informe Presidente
3. Informe Comisión Delegada
4. Aprobación, se procede, do Balance e conta de resultados 2012
5. Normativa Técnica 2013
6. Inventario
7. Modificación de Estatutos da Federación Galega de Ciclismo
8. Rogos e preguntas.


Os asembleístas disporán de en prazo ata o día 18 para consultas, comprobacións e aclaracións sobre a documentación.

A Xunta Directiva resérvase o dereito de non contestar aquelas preguntas non presentadas previamente en caso de non dispoñer dos datos necesarios.

Así mesmo indicámoslle que en breves datas enviaremos toda a documentación relativa ós puntos a tratar.

Atentamente,



  
Asdo.: Manuel Tallón Mesías  
Presidente



**FEDERACION GALEGA DE CICLISMO**  
**C/ Fotógrafo Luis Ksado, 17**  
**36209-VIGO**

Convocatoria Asemblea Xeral

Vigo, a 4 de xullo de 2013

Moi Sr/a. Meu/miña:

Conforme o disposto no artigo 10 dos Estatutos desta Federación, convócolle para a Xuntanza Extraordinaria o vindeiro **sábado día 21 de xullo ás 10,30 horas en primeira convocatoria** e as 11,00 h. en segunda convocatoria no Hotel Congreso, sito en carretera da Estrada Km. 3 Montouto, Santiago. co seguinte:

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede da acta da Xuntanza anterior.
2. Proposta de Modificación de Estatutos da Federación Galega de Ciclismo
3. Corrección de erro informático no saldo arrastrado de 2011 do Fondo Social nas contas aprobadas na asemblea do 20 de abril de 2013.

Os asembleístas dispoñen de prazo ata as 20,00horas do 15 de xullo para presentar por escrito , e con rexistro de entrada selado por esta Federación, as emendas que consideren oportunas á proposta de modificación dos Estatutos que presenta a Xunta Directiva.

Atentamente,

  
Asdo.: Manuel Tallón Mesías  
Presidente

## Convocatoria Asemblea

Vigo, a 17 de outubro de 2013

Moi Sr/a. meu/miña:

Conforme o disposto nos Estatutos da Federación Galega de Ciclismo, convócolle para a Asemblea Extraordinaria que terá lugar o **sábado día 09 de novembro ás 10,00 horas en primeira convocatoria** e ás 10,30 h. en segunda convocatoria no Hotel Congreso, sito na carretera da Estrada Km. 3 Montouto - Santiago, co seguinte

### Orde do día

- 1.a).- Lectura e Aprobación, se procede, da acta da Asemblea Extraordinaria do 3/11/2012.
- 1.b).- Lectura e Aprobación, se procede, da acta da Asemblea Extraordinaria do 21/07/2013.
- 2.- Proposta da Xunta Directiva sobre modificación do Art. 4.7 e da Secretaría Xeral sobre modificación dos artigos 4 e 31 dos Estatutos aprobados na Asemblea do 21/07/2013.
- 3.- Proposta de Calendario de Estrada 2014.
- 4.- Proposta de Calendario de BTT 2014.
- 5.- Normativa Técnica 2014.
- 6.- Orzamentos 2014.
- 7.- Rogos e preguntas.

Adxuntamos documentación relativa ós puntos a tratar agás a proposta de calendario que será enviada despois do día 21 de outubro, unha vez celebrada a reunión cos clubs organizadores na que se consensuarán as datas de celebración das probas.

Na Normativa Técnica destácase en distinta cor os puntos máis salientables das modificacións, e que poden ser complementadas polos assembleistas e que serán sometidas a debate e á súa aprobación, se procede. A paxinación, (en branco neste documento) farase unha vez aprobado o texto definitivo.

Atentamente,



FEDERACIÓN  
GALEGA DE  
CICLISMO



Manuel Tallón Mesías  
Presidente

# **FEDEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO**

## **CONSIDERACIONES**

Desde 1970 se viene disputando todos los meses de junio, en Barbantes-Estación, la Volta Ciclista ao Ribeiro, que ha pasado, a lo largo de su historia, por diferentes categorías hasta encontrar su lugar en las categorías Élite y Sub-23, primero a nivel autonómico y, a partir de 2006, con la llegada al comité organizador del equipo actual, llevar la carrera hasta el calendario nacional.

En dicho calendario se ha asentado como una de las mejores pruebas a nivel nacional, tanto por participación, por la calidad de su organización, por las facilidades para los equipos y, también, por los premios que reparte.

Desde la FGC, en los últimos años, y con mucha más virulencia este último año, 2013, se han utilizado los ataques a esta prueba como arma contra el presidente del Club Ciclista Ourenzano, D. Carlos Moure Castro, para presionarlo sobre las diferentes posturas que mantenía con respecto a los miembros de la Junta Directiva de la FGC.

Estas personas no han dudado en poner en peligro la celebración de esta carrera, que este año 2013 disputó su 37ª edición, con la participación de 199 corredores élite y sub-23 de toda España, con 25 equipos en liza.

Para ello han puesto todos los inconvenientes habidos y por haber, se han inventado o han reinterpretado normas que solo ellos comparten, y finalmente, al no haber podido impedir su celebración, el último día han evitado que algunos de los jueces designados para esta prueba compareciesen, suponemos que con el fin de que se suspendiese.

En un primer momento se negaron a entregar la documentación necesaria para solicitar los permisos y solo el último día y a instancias de la Secretaría Xeral para o Deporte, accedieron a ello. Luego, mediante escrito de su presidente, amenazando con retirar los seguros y notificándolo a la administración autonómica para que revocara los permisos. Y por último, intentando evitar la presencia

de los miembros del jurado técnico, citándolos para las 15:00 en la línea de salida, cuando tenían que hacer una inscripción de 200 participantes, que el Reglamento Particular aprobado por ellos mismos recogía que era a las 11:00 cuando se iniciaba dicho acto.

Además, y por supuesto, ante la petición de explicaciones por parte de los organizadores, han dado, como siempre, la callada por respuesta, sin que a día de hoy sepamos si los dos jueces que no asistieron lo hicieron por iniciativa propia o si no fueron convocados por el Comité Técnico de Árbitros, a pesar de existir la convocatoria oficial hecha por su presidente y de la que, una copia, obra en nuestro poder.

Esto ha provocado que las personas que más han luchado por esta prueba y las que soportan un mayor peso de responsabilidad y trabajo, hayan decidido arrojar la toalla.

Han decidido no volver a presentar esta carrera en el calendario ciclista, ni en el nacional ni en el autonómico, como se puede comprobar en el proyecto presentado por la FGC para 2014.

No creo que el ciclismo en Galicia se pueda permitir el prescindir de algunas pruebas como puede ser la Volta Ciclista ao Ribeiro, entre otros.

Sin embargo, los miembros de esta Junta Directiva, principalmente su presidente, el Sr. Tallón, su gerente el Sr. Terceiro y el presidente del Comité de Árbitros, el Sr. Escalante, cada uno con sus hechos, han demostrado que no les importa lo más mínimo.

Galicia pierde así, dos de las pruebas referentes en el ciclismo aficionado a nivel nacional.

Y si lo han hecho, por lo menos que sea con el conocimiento de toda la Asamblea.